


*"Y miren lo que son las cosas porque, para que nos vieran, nos tapamos el rostro;
para que nos nombraran, nos negamos el nombre;
apostamos el presente para tener futuro;
y para vivir... morimos"*
Máxima da revolución zapatista, Chiapas, México

Os mundos visibles e invisibles de



"O Mundo Que Queremos"



Esta licenza permite copiar, distribuír, exhibir os textos e imaxes deste documento sempre que se cumpran as seguintes condicións:



Autoría e atribución: Deberá respectarse a autoría indicando o nome das autoras.



Compartir baixo a mesma licenza: Se altera ou transforma esta obra, ou xera unha obra derivada, só pode distribuír a obra xerada baixo unha licenza idéntica a esta.

ÍNDICE

Abramos os ollos: Que vemos e que non vemos de O Mundo que Queremos?	06
Carta de navegación de O Mundo que Queremos	12
Os mares de O Mundo que Queremos	13
• O que vemos e non vemos... nas aulas	14
• O que vemos e non vemos... nas ágoras	30
• O que vemos e non vemos... no equipo	33
Concluíndo	40

ACRÓNIMOS


ED	Educación para o Desenvolvemento
CPI	Centro Público Integrado
IES	Instituto de Educación Secundaria
OMQQ	O Mundo Que Queremos
ONGD	Organización Non Governamental de Desenvolvemento

Nas loitas, saberes e faceres feministas, existe unha práctica case máxica que consiste en facer visible o invisible. Ese meigallo permítenos ollar cara a base do iceberg que sustenta o noso sistema macroeconómico, dámos ferramentas para falar dos traballos invisibles, das violencias invisibles, das linguaxes invisibles. Pero o máis feiticeiro de todo é que nos fai ser parte da apócema, pois é xusto no momento en que ollamos e falamos da invisibilidade cando esta comeza a coller releve, a converterse nunha realidade máis nítida e visible a ollos de todas nós.

Nesta avaliación intentamos rescatar algo desta práctica recollendo, a través da metáfora do iceberg¹, os aspectos máis visibles deste proxecto, somerxéndonos nos que, pensamos, poden ser os faceres máis ocultos e invisibilizados pero que, inevitablemente, son a base que sustenta O Mundo que Queremos, unha proposta de Educación para o Desenvolvemento que xa vai pola súa terceira edición.

¹ Segundo Amaia Pérez Orozco, no seu artigo “La economía: de icebergs, trabajos e (in)visibilidades”, recollido no libro *Laboratorio feminista* consultado en xullo de 2016 (<https://goo.gl/xXZP8l>), a metáfora do iceberg -usada, entre outras autoras, por M^a Ángeles Durán- permite recuperar algunhas nocións claves hai tempo sinaladas pola crítica feminista á división traballo -o imprescindible sexual do e o invisible dos traballos historicamente asignados ás mulleres-, así como propoñer unha nova perspectiva que non sitúe ás esferas visible e invisible no mesmo plano de análise e de relevancia social, senón que mostre como a segunda é a base de toda a estrutura económica.

*Para ver o que non se ve...
Isto foi o que fixemos*



Abramos os ollos: Que vemos e que non vemos de O Mundo que Queremos?

Os ollos sobre o papel:

O Mundo que Queremos, é un proxecto. Unha intervención programada e planificada que ten como meta conseguir un obxectivo concreto a través duns medios e duns recursos concretos. Porén, como proxecto e como proposta educativa, ten tanta complexidade coma o seu propio nome indica. As afirmacións que poidamos realizar do que lemos que é O Mundo que Queremos sobre o papel sempre van acompañadas dun “pero”, dun matiz fundamental que resulta pertinente para poder entender ben do que estamos a falar.

Fagamos a proba:

- O Mundo que Queremos é un proxecto educativo. **Exacto,** é un proxecto educativo pero está construído dende un paradigma concreto: o da Educación para o Desenvolvemento. A ED considera á educación coma un proceso dinámico, interactivo e participativo, orientado á formación integral das persoas, á súa concienciación e comprensión das causas das desigualdades internacionais (dende unha óptica tanto global coma local).
- O Mundo que Queremos é un proxecto integrado no Plan Proxecta, iniciativa de innovación educativa da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. **Correcto.** Pero este proxecto tamén é un convenio que se renova cada ano coa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, que é precisamente de onde xorde o financiamento.
- O Mundo que Queremos está executado por varias ONGD galegas. **Si e non.** Está executado por cinco ONGD diferentes (diferentes en tamaños, liñas de traballo, experiencia, bagaxe, base social e incluso cultura organizacional); pero tamén por dúas entidades cuxo réxime xurídico é outro. Por un lado, está o Grupo de Teatro dx Oprimidx, unha asociación de base especializada nesta metodoloxía artística. E polo outro lado está a cooperativa Tempo de Loaira, un proxecto empresarial social que toma a forma de cooperativa galega sen ánimo de lucro.
- O Mundo que Queremos é un proxecto que ten como obxectivo “Fomentar a un alumnado galego consciente da interconexión entre as realidades locais e as dinámicas globais, e o apoio no exercicio da súa corresponsabilidade na construción da xustiza social”. **Si e non.** Este é claramente o obxectivo das entidades executoras da proposta, pero neste proxecto hai máis xente. As profesoras e profesores dos centros educativos participantes deseñaron os seus propios obxectivos, que son múltiples e moi variados, polo que podemos afirmar que O Mundo que Queremos ten máis dunha ducia de obxectivos.
- O Mundo que Queremos é un proposta educativa que, a través da intervención directa na aula, do emprego de ferramentas de expresión artística e da Visita de persoas do Sur do mundo pretende crear un mundo novo. **Totalmente de acordo.** Pero no noso Mundo que Queremos pasan máis cousas. Moitas máis cousas.

Os ollos das profesoras e dos profesores:

Se tivésedes que definir este proxecto cunha palabra, cal sería?

- **Moito traballo:** *“Son a menos indicada para falar pero aquí as compañeiras que levaron máis o cargo, foron conscientes de que é un proxecto cunha forte carga de traballo”.*
- **Concienciación:** *“O proxecto permitiunos xerar espazos de debate nos que poder traballar cuestións relacionadas coa equidade e coa igualdade”.*
- **Diversidade e variedade:** *“Os obradoiros foron moi variados e novidade porque para nós foi algo moi novo, algo que nos esixiu meternos en moitas cousas que nós non sabiamos. Foi difícil e todo un reto, pero foi novo para nós e para os rapaces”.*
- **Aire fresco:** *“Foi aire fresco, unha cousa moi distinta ao outro proxecto no que estiveramos o ano pasado e é verdade que dá traballo pero para min foi divertidísimo. Paseino moi ben”.*
- **Sorprendente:** *“Sorprendeume moito o que fixemos, as cousas que foron pasando: a obra de teatro, o primeiro obradoiro e a interacción que tiveron con eles para facer o reparto do mundo. Todo iso sorprendeu aos rapaces e rapazas. Supúxolles iso, descubrir cousas novas pero a través da sorpresa”.*
- **Con gañas de máis:** *“No noso cole quedámonos con ganas de máis, agora que empezamos a traballar coa radio pois de facer máis cousas con este medio”.*

Os ollos utópicos das mozas e mozos:

Este ano pechamos o proxecto cun xogo no que participou todo o alumnado protagonista de O Mundo que Queremos. Quixemos coñecer como debería ser, segundo eles, o mundo que queremos; o planeta que queremos; o noso espazo a habitar. Así, seguindo as palabras do grande Eduardo Galeano², debuxamos a nosa utopía nun muro que será o noso horizonte. Con todas as palabras construímos a frase que nos vai a axudar a camiñar.



² A cita de Galeano di así: “La utopía está en el horizonte me acerco dos pasos, ella se aleja dos pasos. Camino diez pasos y el horizonte se desplaza diez pasos más allá. Por mucho que camine, nunca la alcanzaré. Entoncec ¿para qué sirve la utopía? Para eso: sirve para caminar”.

E que é o que non vemos?

É moi probable que neste proxecto non sexamos quen de ver ás nosas compañeiras. Hai tantos roles, tantas coordinacións visibles e invisibles que seguro que non alcanzamos a ver a dimensión desta terceira edición de O Mundo que Queremos. Velaquí todas e todos os que fomos:

5 centros educativos de ensino público 3 na provincia de A Coruña e 2 na provincia de Pontevedra.

15 profesores e profesoras 2 homes e 13 mulleres.

Centro	Localidade	Provincia	Profesorado	Carga no proxecto	Materia que imparte
IES Fernando Wirtz	A Coruña	A Coruña	Félix Longueira Fafián	Coordinador	Xeografía e historia
			M ^a Cristina Asensio Fernández	Docente	Lingua e literatura galega
IES Urbano Lugrís	A Coruña	A Coruña	África Beatriz López Souto	Coordinadora	Filosofía
			Xulia Rodríguez Abella	Docente	Lingua e literatura galega
			Francisca García Jáñez	Docente	Lingua castelá e literatura
CPI Aureliano Marcelino Rey García	Cuntis	Pontevedra	Alejanda María Pérez Caaveiro	Coordinadora	Educación física
			María Jesús Goldar Souto	Docente	Matemáticas
			María Hortensia Fernández Torre	Docente	Debuxo
			4		
			5		
CPI Toural	Vilaboa	Pontevedra	Beatriz Martínez García	Coordinadora	Educación física
			María Beatriz Sampedro Ferreiro	Docente	Inglés (primaria)
			Cristina González Piñeiro	Docente	Orientación educativa
IES Isidro Parga Pondal	Carballo	A Coruña	M ^a Beatriz Cuesta García	Coordinadora	Filosofía
			Francisco Javier Anta Fernández	Docente	Grego
			M ^a Belén Lendoiro Esmoris	Docente	Filosofía

E se nos podemos as gafas violetas para ver mellor?

Un 87% do profesorado que participa neste proxecto son mulleres, non cabe dúbida que o sector educativo ao igual que o social son espazos moi feminizados. Resulta vital xerar estratexias coas que promover a participación de homes nestes espazos co fin de incidir nas causas que xeran as desigualdade entre os xéneros.

Profesorado participante		
Nº de homes	2	13%
Nº de mulleres	13	87%
Total	15	100%

Persoas coordinadoras		
Nº de homes	1	20%
Nº de mulleres	4	80%
Total	5	100%

Un total de 272 alumnos e 255 alumnas, os cales se distribúen por:

⇒ Cursos

	Nº Alumnos	Nº Alumnas	Total
1º ESO	54	36	90
2º ESO	59	59	118
3º ESO	77	85	162
4º ESO	82	75	157
Totais	272	255	527

⇒ Centros

Centros	Nº Alumnos	Nº Alumnas	Total
IES Fernando Wirtz, A Coruña	8	17	25
IES Urbano Lugo, A Coruña	38	22	60
CPI Aureliano Marcelino Rey García, Cuntis, Pontevedra	57	50	107
CPI Toural, Vilaboa, Pontevedra	103	107	210
IES Isidro Parga Pondal, Carballo, A Coruña	66	59	125

⇒ Por curso e por centro

Centros	Curso	Nº alumnos	Nº alumnas	Total
IES Fernando Wirtz, A Coruña	3º	8	17	25
IES Urbano Lugo, A Coruña	4º	15	4	19
	2º	23	18	41
CPI Aureliano Marcelino Rey García, Cuntis, Pontevedra	1º	18	10	28
	2º	13	16	29
	3º	16	12	28
	4º	10	12	22
CPI Toural, Vilaboa, Pontevedra	1º	36	26	62
	2º	23	25	48
	3º	26	33	59
	4º	18	23	41
IES Isidro Parga Pondal, Carballo, A Coruña	3º	27	23	50
	4º	39	36	75

Nesta avaliación recolleamos:

- A visión de 22 profesores e profesoras (137% do total) pertencentes a cada un dos 5 centros educativos participantes
- A valoración de 25 alumnos e alumnas: 5%
- A opinión de 9 persoas do equipo de traballo: 100%

Estas respostas permitíronnos extraer as conclusións reflectidas neste documento

Tamén nos parece importante mirar cara atrás, cara as edicións anteriores, e botar contas. Cantas persoas nos paseamos por este mundo?

19 centros educativos participantes

	2013-2014	2014-2015	2015-2016	Total
Nº Centros participantes	5	9	5	19

O total do alumando participante foi de 1.033 rapaces e rapazas, mozos e mozas.

	Alumnado participante			
	2013-2014	2014-2015	2015-2016	Total
Nº Alumnas	201	328	255	529
Nº Alumnos	199	305	272	504
Total	400	633	527	1.033

52 profesores e profesoras participantes

	Profesorado participante			
	2013-2014	2014-2015	2015-2016	Total
Nº Profesores	1	7	2	10
Nº Profesoras	11	18	13	42
Total	12	25	15	52


Carta de navegación de O Mundo que Queremos




Comezamos visitando a cada un dos centros educativos participantes para dar a coñecer o noso mundo.



Tivemos un encontro cunha mostra do alumando e do profesorado para realizar o diagnóstico ao inicio do proxecto.



O primeiro obradoiro sobre os Obxectivos de Desenvolvemento do Milenio (ODM) e as desigualdades internacionais foi a primeira intervención na aula.




Os dous seguintes obradoiro cos que visitamos á aula foron o de radio e fotografía, ferramentas para elaborar un traballo de denuncia sobre algún dos ODM que o alumando levou a cabo durante todo o curso.



A viaxe de Ana da man do Grupo de Teatro dx Oprimidx 100 Tolas é a peza teatral coa que traballaron as temáticas da desigualdade de xénero e da emigración do terceiro obradoiro.



A Visita do Sur deste ano veu de Colombia. Gerardo Vega achegounos a realidade do seu país, as cousas e consecuencias do conflito armado e como se está a construír o proceso de paz polo que se leva loitando dende hai décadas.



Todas as persoas que forman OMOQQ, asistiron ao broche final no centro cívico do Ágora en A Coruña. Neste acto o alumando participante do proxecto expuxo os traballos que elaboraron ao longo do curso, así mesmo crearon colectivamente a definición do mundo que queren seguir a construír.



Finalmente comezamos o proceso de avaliación do acontecido ao longo do proxecto.

Os mares de O Mundo que Queremos

Hai unha técnica literaria ben interesante que consiste en facer protagonista do relato ao propio espazo no que acontecen os feitos. Así, parece que coñecemos á perfección a historia e as paisaxes do Macondo de García Márquez ou do Fraguas de Gioconda Belli. Tamén, máis preto, vemos como o espazo e o entorno xogan un papel decisivo na trágica Esmorga de Blanco Amor. Collendo con coidado este mínimo fío literario, pensamos que pode ser interesante estruturar esta avaliación nos que consideramos os seus espazos definitorios. Chamámoslles mares porque varían e ondean, porque nos gusta falar de realidades líquidas³ e non de espazos sólidos. E porque neste proxecto navegamos, navegamos moito surcando Galicia e atravesando o océano Atlántico. Velaquí están os nosos tres mares:

- **As aulas** Nese apartado recolleremos o que pasou nas aulas, o que viron e o que non viron profesoras, profesores, alumnas e alumnos; valorando os contidos e as metodoloxías, así coma os indicadores do proxecto dirixidos a coñecer os cambios sucedidos nos públicos protagonistas.
- **As Ágoras** Onde nos centraremos en desenvolver os dous momentos de encontro e reflexión que tivemos cos públicos participantes: o momento de formación e presentación inicial, e o acto de clausura. Ambos os dous celebrados na cidade da Coruña.
- **A casa en Felgueiras** Unha casa con vistas privilexiadas que nos acolleu para poñer fin a esta edición de O Mundo que Queremos nunha avaliación conxunta na que falamos do equipo, das persoas que o forman, do traballo visible e invisible que facemos. E tamén dedicamos moito tempo a construír o ano que vén.

³ Realidades líquidas das que fala o sociólogo polaco Zygmunt Bauman, no seu libro Amor líquido, para describir o tipo de relacións interpersoais que se desenvolven na postmodernidade.

O que vemos e non vemos...

nas aulas

A aula é o territorio clave desta intervención. O 67% da actividade máis visible deste proxecto ten lugar neste espazo de encontro e traballo conxunto coas diferentes protagonistas da proposta. Ademais, esa forte presenza do proxecto dentro do centro educativo ao longo de practicamente todo o curso é algo característico deste Mundo que Queremos fronte a outras iniciativas impulsadas no marco do Plan Proxecta.

Este aspecto que resulta moi positivo ten un reverso negativo, pois as numerosas actividades nas aulas e a aposta por facer deste proxecto un proceso de intervención ao longo de todo o curso escolar implica unha carga de traballo de coordinación docente importante. Velaquí o que vemos, pero tamén o que non vemos.



- Comezando a desenvolver brevemente as diferentes consignas esquematizadas, pensamos que é pertinente poñer en primeiro lugar a **carga de traballo docente**. Foi unha das cuestións que máis axiña saíu na avaliación grupal do profesorado e das que xerou máis conversa. Non porque houbo puntos discrepantes, senón porque o momento avaliativo conxunto con todos os profesores e profesoras comezou con ese punto catártico.
- A carga de traballo docente non se centra só en organizar e preparar a súa aula antes dun obradoiro. Un dos criterios para que un centro sexa seleccionado para participar neste proxecto é o número de aulas que pode vincular. Cantas máis aulas máis posibilidades de formar parte de OMQQ. Trátase dun criterio de eficiencia de recursos consolidado polo grupo de traballo tras experiencias de anos anteriores. Porén, esta cuestión implica unha esixencia de coordinación docente elevada, o que fixo que, ao descoñecer a magnitude do proxecto, se tivesen dado situacións dificultosas facilmente evitables.
- En primeiro lugar, o profesorado propón que debe quedar plasmado como requisito da ficha de presentación de OMQQ que **o profesorado que se queira implicar no proxecto debe ter carga lectiva co alumnado participante**.

“No noso caso foi un pouco complicado porque implicamos a todo o centro e, efectivamente, non todos dabamos clase nas aulas. Profesores e profesoras implicadas non eramos moitas, pero si que traballabamos en distintos cursos. Eu era a que máis cursos daba por iso fun como coordinadora porque así implicabamos a máis niveis diferentes. Como non sabiamos moi ben como funcionaba este proxecto metemos a toda a ESO, de 1º a 4º, e de feito hoxe (día do encontro final) non está todo o alumnado porque ningunha de nós lles damos directamente clase a ese curso. Sabendo como é o proxecto, eu ao mellor o tería centrado só nos cursos nos que eu persoalmente traballaba e sabía que ía a ter unha carga lectiva co alumnado”.

- O feito de implicar a todo o centro e de non ter moita carga lectiva co alumnado fixo que se dera a necesidade (coma pasou en edicións anteriores) de ter que pedirilles horas lectivas a outro profesorado non implicado no proxecto para que se puidesen levar a cabo os obradoiros. Isto fixo que en moitas ocasións os centros non puidesen manter os días que tiñan fixados para O Mundo que Queremos porque non querían que fosen sempre os mesmos compañeiros e compañeiras as que cedesen as súas aulas.
- Outro dos puntos detectados como provocadores dunha forte carga de traballo non prevista para o profesorado foi o feito de seren eles e elas as encargadas que editar os programas de radio que fixeron os seus alumnos e alumnas. Se ben a aprendizaxe foi valorada como moi positiva polo profesorado (e de feito foi precisamente a adquisición desas habilidades o que fai que este proxecto vaia a ser replicado por parte dalgunhas das profesoras durante o curso que vén); é certo que non estaba contemplada no deseño do proxecto. Resulta necesario que haxa un consenso no grupo de traballo do proxecto para establecer cales son exactamente as obrigas e responsabilidades do profesorado implicado, e facer ditas tarefas máis visibles na ficha de presentación do proxecto.
- Esta reflexión anterior condicionou o momento da conversa dedicado a posicionarse sobre a formación do profesorado. En xeral, a formación que demandan as profesoras e profesores implicados é máis técnica, está máis destinada a empoderarse das

ferramentas (como pode ser a radio) que a formarse verdadeiramente en Educación para o Desenvolvemento. Nese sentido queda claro que hai un interese maior polos "como" que polos "que", algo que pode resultar interesante ter en conta á hora de construír un posible itinerario formativo para as persoas docentes deste proxecto. Porque existe unha sensación entre o equipo de traballo de que ao profesorado se lle acompaña, pero non se lle transforma porque a proposta adoce desa fase formativa a nivel de contidos e de reflexión.

- Esa preocupación pola formación do profesorado radica no feito de que este é un proxecto de Educación para o Desenvolvemento, non só de metodoloxías participativas. É por iso que o equipo de O Mundo que Queremos deseñou a proposta cun obxectivo transformador claro que sitúa a esta intervención dentro da xeración destinada a traballar en favor dunha Cidadanía Global⁴. Así, a primeira parte desa ambiciosa meta indica que o que se pretende é **fomentar un alumnado galego consciente de que existe unha interconexión entre as súas problemáticas locais e as dinámicas coas que está a funcionar o mundo**. O profesorado mostra unanimidade á hora de determinar que todo o contido do proxecto foi na liña de conseguir esa meta, aínda que concordan no feito de que se trata dun obxectivo a longo prazo.

"Nos nosos rapaces e rapazas o proxecto conseguiu ese obxectivo. Que lles vai durar pouco, como lles dura todo a estas idades, pode ser. Tamén nós temos moito alumnado e entre tantos pois a algún chegoulle máis e algún chegoulle menos".

- Seguindo a reflexión sobre a consecución desta primeira parte do obxectivo, gustaríanos facer un pequeno alto para escoitar aos profesores e profesoras. Para que nos conten algunhas das cousas que non puidemos ver dentro das aulas.

ACOTACIÓN: Diálogo entre profesoras e profesores nunha sala de paredes brancas e chan vermello.

PROFESORA 1: Nós tivemos un alumno ao que o proxecto o cambiou dun polo ao outro. Mesmo a monitora foi quen de constatar a transformación que experimentou da primeira sesión ás últimas.

PROFESORA 2: Nós tamén temos un pequeno detalle que nos fixo ser un pouquiño conscientes de como o proxecto estaba influíndo sobre o alumnado, cun caso concreto de crecemento intrapersonal, que non chegou a extrapolar pero... houbo un detalle na aula. Unha rapaza recibiu unha palmada no cu por parte dun compañeiro, entón a ela ese xesto pareceulle mal, non lle gustou e baixou a dirección a queixarse. Alí felicitámola por ser capaz de dicir "isto non o admito, non o tolero" e preguntámoslle que fora o que lle influiría ou lle dera forzas para baixar a dirección e poñer no seu coñecemento ese feito. Entón ela dixo que fora grazas á obra de teatro, que foi consciente de que había certas cousas que non, que non se poden

⁴ O grupo de traballo de ED da Coordinadora de ONGD recolle no seu "Posicionamiento sobre la importancia de la educación para el desarrollo y el rol de las ongd en la construcción de la ciudadanía global" que "a cidadanía global implica comprensión do significado ético da comunidade mundial de iguais, da correponsabilidade de todos e tdoas no desenvolvemento e das propostas políticas para a súa consecución implica ademais o empoderamento e a inclusión de todas as persoas para unha verdadeira participación na promoción da xustiza e da loita contra a pobreza"

tolerar. E isto reconfortounos un pouco porque pensamos: "bueno, estamos a dar traballo pero parece que... algo pasa"

PROFESORA 3: A obra de teatro fíxolles darse conta moi ben das agresións. E enseguida identificou que o que lle pasara fora unha agresión porque dixo "alí estábamos vendo que era certo, que hai agresións, que pasan, e agora voume a quedar calada?"

- O obxectivo ten unha segunda parte pois non só pretende fomentar un alumnado consciente, senón que busca a súa reacción, **que asuma a súa parte de corresponsabilidade neste mundo marcado polas desigualdades internacionais. Conseguímolos?**

"O proxecto recolle ese obxectivo, chegar a todo o alumnado é o que é complexo. Hai alumnado máis sensible. No meu caso por exemplo, o alumnado de 4º estaba máis predispostos e o proxecto foi unha vía para que puideran expresarse. E houbo rapaces que a min me sorprenderon gratamente. En canto aos que son máis difíciles... é que chegar a todos..."

- Polas respostas do profesorado, que considera que o proxecto si que está orientado a conseguir este obxectivo, semella que esa resposta reactiva, de autoimplicación, non remata de cristalizarse. Por outro lado, na avaliación co propio alumnado, nas preguntas destinadas a coñecer o que lles gusta e o emprego que fan do tempo libre, non saíu en ningún momento ningunha actividade que podamos vincular a ese compromiso, como pode ser o voluntariado, a participación nalgún tipo de asociación ou colectivo do seu entorno. Cando se lles preguntou especificamente, si que houbo unha rapaza (dentro dun grupo de 23 persoas) que contestou que lle gustaría coñecer o funcionamento do voluntariado e que, de feito, tiña xa unha data fixada para unha primeira toma de contacto.
- Por esa experiencia concreta, e dado que o grupo de alumnado co que fixemos a avaliación non é representativo do conxunto do estudantado polo reducido do seu número, non podemos concluír a consecución maioritaria desa segunda parte do enunciado do obxectivo. No en tanto, si que nos parece interesante rescatar a idea presentada polo profesorado de que, ante un alumnado pouco homoxéneo, o proxecto, dada a súa variedade de accións, adáptase ás necesidades de moitos tipos de persoas diferentes. O teatro, por exemplo, funciona moi ben entre o alumnado máis conflictivo, introvertido, en cuestionamiento constante; porque interpela, esperta e remove moito por dentro. Pola súa parte, a radio e a fotografía funcionan moi ben coas mozas e mozos máis motivados, con gañas de expresar o que senten, con gañas de coñecer o que pasa na súa realidade próxima.
- Falabamos ao inicio deste documento de que esta intervención non ten un único obxectivo. Ao ser un proxecto que forma parte de toda a aparataxe que acompaña ao Plan Proxecta da Consellería de Educación, o profesorado tivo que facer un traballo de incorporación de O Mundo que Queremos ao seu proxecto educativo. Así, ao teren participado cinco centros educativos temos cinco liñas de obxectivos complementarios e avaliados segundo os criterios propios do persoal docente. Velaquí un pequeno resumo:

CENTRO	ADAPTACIÓN DO TÍTULO DO PROXECTO Á SÚA PROPOSTA	OBXECTIVOS	AVALIACIÓN DO PROFESORADO
CEIP Aureliano Marcelino Rey	O CUNTIS QUE QUEREMOS (4 obxectivos)	<p>1. Sensibilizar ao alumnado do CPI Aurelio Marcelino coa pobreza no mundo e relacionalo coas desigualdades sociais do seu contexto máis próximo.</p>	<p>Este primeiro obxectivo centrou o noso traballo durante todo o curso, a procura de información en diversos medios de comunicación, a documentación previa para os traballos de radio ou as fotografías de situacións de pobreza no seu contexto son algúns exemplos da consecución do mesmo.</p>
		<p>2. Dar a coñecer o Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable marcados pola ONU máis alá do ano 2015.</p>	<p>Este obxectivo acádase na primeira parte do proxecto, necesitabamos dun coñecemento previo do alumnado, que lle aportan as persoas da ONG coordinadora deste plan Proxecta no obradoiro inicial. Esta actividade foi máis alá dun explicación teórica dos obxectivos da ONU, conseguimos unha experiencia máis práctica mediante dinámicas de grupo que achegan estes obxectivos á realidade do alumnado.</p>
		<p>3. Utilizar a aprendizaxe cooperativa e o potencial educativo da comunicación para promover a reflexión do alumnado.</p>	<p>A experiencia no uso dos medios de comunicación, especialmente o mundo da radio resultou apaixonante para alumnado e profesorado. Os traballos de radio do proxecto, incluíndo noticias, entrevistas, teatro radiofónico, a elaboración das cuñas publicitarias, así como a participación en varios programas de radio e televisión, en Radio Estrada, na Radio e Televisión Galega, deixan constancia do alto grado de consecución deste obxectivo no noso centro.</p>
		<p>4. Compartir as experiencia deste proxecto con outros centros permitindo constatar que as diferentes realidades teñen moitos aspectos comúns.</p>	<p>No mes de maio, como actividade final do proxecto, tivo lugar na Coruña un encontro con todos os centros participantes nesta edición do Plan Proxecta de OMQQ. O alumnado na valoración final destaca esta actividade como o mellor do proxecto. O profesorado participante tamén consideramos que resultou moi interesante, en primeiro lugar pola posta en común de</p>

			actividades de todos os centros, e tamén pola posibilidade de compartir co profesorado doutros centros a nosa experiencia neste traballo.
CEIP Toural	COOPERACIÓN GALEGA: O MUNDO QUE QUEREMOS (1 obxectivo)	1. Quixemos promover a reflexión do noso alumnado sobre as realidades locais e as desigualdades globais, conciencialos e implicalos na responsabilidade que todas e todos temos na construción dun mundo máis xusto e equitativo.	Pensamos que acadamos a maior parte dos obxectivos perseguidos, podendo afirmar que o logro na consecución dos mesmos foi dun 80% ; xa que ao menos o 80% do alumnado participante no proxecto adquiriu habilidades comunicativas como receptor e emisor de contidos que vinculan ás realidades do seu contexto local coas dinámicas globais. Podemos dicir que a maior parte do alumnado se implicou activamente na realización dos produtos finais, os programas de radio, as fotografías e as montaxes, e reforzou destrezas na adquisición dun pensamento crítico.
			Valoramos grandemente as habilidades e coñecementos adquiridos, o interese amosado polos mozos e mozas , a integración nos distintos grupos de traballo dos equipos, a investigación persoal e a creatividade amosada nos traballos. Os produtos finais artellados nos grupos e equipos foron de gran calidade, resultando premiado no Certame de Cooperativismo no Ensino 2016, o programa de radio feito polo alumnado de 2º ESO B.
			Tamén valoramos moi positivamente o traballo desenvolvido polos monitores dos diferentes obradoiros, aos que agradecemos a súa colaboración; e a correcta organización e coordinación das xornadas.
			Para finalizar, atopamos como único inconveniente a excesiva carga de traballo para o profesorado, xa que non contaba as veces con horas de docencia directa co alumnado para unha correcta organización, distribución e realización das tarefas deseñadas no proxecto.
IES Fernando	A POBREZA: UNHA	1. Traballar técnicas de procura de información en fontes dixitais,	Todos se cumpriron a plena satisfacción, agás no que se refire a realidade doutras áreas do planeta. Este obxectivo foi

Wirtz	REALIDADE QUE QUEREMOS MUDAR (16 obxectivos)	bibliográficas e técnicas de investigación oral.	<p>postergado en favor dun traballo máis intenso coa realidade inmediata do alumnado, de maneira que a situación das desigualdades nos países subdesenvolvidos foi un tema secundario da nosa reflexión.</p> <p>Insistiuse na análise e formulación de propostas de mellora sobre a desigualdade na contorna do alumnado. O alumnado é capaz de identificar numerosas situacións de desigualdade, analizar as súas causas e formular e interiorizar solucións. Habería que engadir outros obxectivos que non se consignaron na programación inicial e que foron xurdindo, ben a proposta do alumnado ben a proposta do profesorado:</p> <ul style="list-style-type: none"> • Reflexionar sobre o uso da linguaxe inclusiva. • Reflexionar sobre os canons de beleza corporal nas sociedades actuais e comparalos cos das sociedades pasadas. <p>Os instrumentos de avaliación que empregamos para cualificar o traballo foron dous: a observación directa e a análise das producións orais e escritas dos grupos de traballo. No caso específico da materia de Ciencias Sociais, reservábase ao traballo do programa a cualificación que se lle atribúe aos traballos de investigación e documentación que son habituais na materia: un 30% da nota de avaliación. No que toca a Lingua Galega, a porcentaxe foi do 20%.</p> <p>Os criterios de avaliación foron os seguintes:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Calidade e orixinalidade dos datos e os razoamentos, conclusións e propostas de solución das desigualdades. 2. Capacidade de transmisión escrita, oral e gráfica dos mesmos. 3. Variedade dos informantes e fontes de información utilizados. 4. Coordinación entre os membros do grupo de traballo. <p>Os resultados obtidos foron moi satisfactorios. Case o 40%</p>
		2. Ligar a pobreza no mundo actual coa realidade galega a través da literatura.	
		3. Usar as novas tecnoloxías para coñecer outras realidades do mundo e comunicar os nosos logros.	
		4. Traballar a expresión e comunicación de ideas en contextos formais. Promover o uso da nosa lingua para o coñecemento, reflexión, debate, comunicación sobre todo o relacionado coas desigualdades e a pobreza.	
		5. Espertar a sensibilidade e o pensamento crítico sobre a problemática mundial.	
		6. Afondar na realidade do subdesenvolvemento e das desigualdades nos países ricos.	
		7. Desenvolver explicacións complexas e multicausais sobre a desigualdade, tanto no contexto mundial como no interior dos Estados.	
		8. Trazar un panorama histórico das desigualdades, tanto no contexto mundial como no interior dos	

		<p>Estados.</p> <p>9. Coñecer as realidades que aparella a pobreza (analfabetismo, desemprego, marxinación, exclusión da muller ...) e as dificultades que atopan estas persoas para lograr unhas condicións de vida dignas.</p> <p>10. Fomentar o traballo colaborativo e a creatividade na expresión das conclusións.</p> <p>11. Promover a empatía coas persoas en situación de exclusión social, os emigrantes, os refuxiados e todas as persoas que viven en situacións de pobreza no Terceiro Mundo.</p> <p>12. Analizar de maneira crítica as medidas que os distintos Estados e organizacións supraestatais teñen en marcha para contribuír ao desenvolvemento e formular outras novas propostas que poidan axudar a paliar a desigualdade.</p> <p>13. Coñecer a actividade das ONG que traballan con persoas en risco de pobreza no Primeiro Mundo e que realizan proxectos de desenvolvemento no Terceiro Mundo.</p> <p>14. Valorar o coñecemento histórico e xeográfico como instrumentos</p>	<p>do alumnado obtén resultados superiores ao 8 nos traballos avaliados. A metade sitúase en valores entre o 6 e o 8 e só o 10% do alumnado fica en valores entre 5 e 6. O estricto seguimento que se fixo na aula dos traballos, con recomendacións constantes de mellora, e a boa disposición do alumnado posibilitou estes resultados.</p>
--	--	--	---

		<p>útiles na resolución de problemas de desigualdade.</p> <p>15. Coñecer os instrumentos, institucións e foros que as sociedades democráticas poñen a disposición da cidadanía para paliar as desigualdades.</p> <p>16. Concienciar ao alumnado da necesidade dunha cidadanía activa na transformación da realidade.</p>	
IES Isidro Parga Pondal	COOPERACIÓN EFECTO BOLBORETA	<p>1. Afondar nas desigualdades sociais existentes e as causas que as perpetúan, con especial atención a realidade dos países empobrecidos.</p> <p>2. A partir da reflexión sobre o ambiente próximo e o coñecemento sobre a realidade do resto dos e das participantes, tomar conciencia sobre as causas que provocan que unha maioría da poboación mundial non poida satisfacer as necesidades básicas e carencia de oportunidades e dereitos, e elaborar conxuntamente unha proposta-compromiso para mudar esta realidade.</p> <p>3. Favorecer a aprendizaxe de conceptos, procedementos e actitudes que posibilitan a construción dunha sociedade cada vez máis xusta e responsable.</p>	<p>Todos os obxectivos son tratados por todas actividades. É este un dos grandes logros de O Mundo que Queremos. Poderíamos facer a seguinte agrupación entre actividades e obxectivos:</p> <p>Actividade introdutoria: 1, 2,3, 9, 10, 11, 13 Obradoiro radio: 3, 4, 6, 9, 14, 17 Obradoiro fotografía 3, 4, 6, 9, 16, 17 Foro-Teatro: 1, 2, 5, 9, 10, 11, 12, 13, 15, 17 Visitas do Sur: 1, 2, 5, 10, 11, 12, 13, 15 Actividade final: Todos.</p> <p>En relación con algún obxectivos, matizamos o seguinte:</p> <p>Obxectivo 4: Este obxectivo conseguiuase máis aló das nosas perspectivas xa que contamos coa axuda de gran parte do claustro pero especialmente do profesor de informática da ESO, Javier Andrade, que se fixo cargo da aplicación do programa Audacity, que lles fora explicado previamente aos rapaces e rapazas por Montse de Agareso.</p> <p>Obxectivo 8. Destacamos aquí a actividade das Cartas a Cuba.</p>

		4. Fomentar o traballo en equipo e colaborativo no centro.	<p>A avaliación des proxecto fixémosla dende distintos eixos:</p> <p>A) Avaliación por parte do alumnado. Tratouse dunha avaliación continua froito da posta en marcha na aula. Foi o profesor ou profesora en continuo diálogo cos alumnos e alumnas quen foi informando á coordinadora da marcha da actividade, das incidencias etc, coa finalidade de retroalimentar o proceso. Ao finalizar cada un dos obradoiros, mediante unha enquisa o alumnado tivo a oportunidade de valorar o feito ata ese momento.</p> <p>B) Avaliación por parte do profesorado. Foi tamén continua, a través de reunións coa coordinadora. Buscou a implicación do alumnado e organización de contidos e fóronse resolvendo nestas reunións os posibles problemas que poidan ir xurdindo.</p> <p>C) Avaliación por parte da coordinadora. Contou coa información ao respecto proporcionada polos organizadores e por profesores e profesoras dos outros centros participantes, en concreto do Urbano Lugo. É unha avaliación global, tanto do proceso como do resultado final, para os profesores e para os alumnos.</p> <p>Ademais avaliamos mediante tres accións:</p> <p>A. Controlar que cada unha das actividades e talleres fora correctamente realizado polos grupos implicados. Ao remate de cada taller valoración na clase do feito.</p> <p>B. Na reunión final do proxecto todos/as os/as profesores/as unha avaliación conxunta de todo o feito ao longo do curso.</p> <p>C. Despois desa actividade final, fixemos unha avaliación escrita con parte do alumnado.</p>
5. Favorecer a capacidade de análise crítica da responsabilidade propia e allea.			
6. Tomar decisións e actuar			
7. Fomentar o respecto polo medio ambiente.			
8. Favorecer o diálogo intercultural entre mozos e mozas de ambientes sociais e xeográficos diferentes.			
9. Facultar un espazo de traballo cooperativo efectivo baseándose no lema "pensa globalmente, actúa localmente".			
10. Valorar a dignidade humana para entender o que significa ser persoa e poder valorarse a si mesmo e aos outros.			
11. Tomar conciencia da importancia que teñen a autonomía e o control da conduta na moralidade da persoa.			
12. Identificar as aptitudes que posúe o ser humano para potenciar a súa autoestima.			
13. Recoñecer a relación do ser humano co contorno e os axentes sociais que o conforman valorando a			

		<p>vida en sociedade desde valores éticos recoñecidos. Aínda que todos os obxectivos esixen continuidade no seu tratamento, este en concreto mais aínda, dada a súa complexidade.</p>	<p>Os resultados son moi valiosos e positivos dende o punto de vista dos obxectivos que tiñamos propostos. De tal xeito que estamos considerando xa a posibilidade de volver facelo o curso que ven con outros grupos, xa que non se pode repetir grupo.</p>
		<p>14. Desenvolver habilidades de comunicación que favorezan tanto as relacións interpersoais baseadas no respecto á dignidade das persoas.</p>	
		<p>15. Entender a influencia dos valores éticos no establecemento respectuoso de relacións interpersoais.</p>	
		<p>16. Sinalar os límites éticos entre a liberdade persoal e a social.</p>	
		<p>17. Apreciar o efecto que producen os valores na conduta individual e social.</p>	
<p>IES Urbano Lugo</p>	<p>VOCES VIVAS NUN MUNDO GLOBAL</p>	<p>1. Coñecer os Obxectivos de Desenvolvemento Sostible.</p>	<p>Cumpriuse, posto que os traballos realizados explicitan estes Obxectivos, en especial no seu caso o 16.</p>
		<p>2. Reflexionar sobre as problemáticas sociais achegadas que nos afectan e preocupan.</p>	<p>O mesmo que o anterior, posto que os traballos realizados versaron sobre realidades achegadas (en especial, as entrevistas dos programas de radio).</p>
		<p>3. Investigar e coñecer a vida asociativa do entorno próximo.</p>	<p>Nos traballos de radio e fotografía realizados o tratado tivo que ver en bastantes ocasións co entorno inmediato. Por exemplo, as entrevistas da radio (a do programa Equipo de rap é a Víctor Omgbá, director da ONG do barrio Equus Zebra, a do programa Os Burlaos é a unha inmigrante senegalesa ex</p>

			alumna do instituto.
		4. Sensibilizar sobre problemáticas de desigualdade global no mundo actual	Nos programas de radio e fotografía tamén houbo temas internacionais: refuxiados de Siria, explotación infantil.
		5. Realizar unha proposta de comunicación comunitaria	Todos os traballos realizados foron nesta liña, especialmente os da radio. Ademais, colaboramos na difusión do proxecto a través da radio comunitaria Cuac FM
		6. Coñecer de forma técnica e práctica ferramentas comunicativas para participar na vida cidadá, en especial na toma de conciencia e de decisións que lles afectan	Aprendemos moito sobre as ferramentas da radio e a foto, mentres as utilizabamos.
		7. Valoración das propias capacidades e potencialidades como contribución a unha axustada autoestima que favoreza a empatía con outras persoas e sociedades.	Resulta difícil de medir, pero intentouse en todo momento, pero cremos que se logrou en especial co grupo de 2º ESO B, un grupo considerado como bastante malo e que se implicou totalmente a través da música.
		Valoración global	<p>Houbo moitas aprendizaxes significativas.</p> <p>No encontro final realizouse unha avaliación participativa oral reunindo por unha parte a todo o profesorado participantes e, por outra a rapaces por grupos nos que estaban mesturados de diferentes institutos. Alí lembramos os encontros e obradoiros realizados, as dificultades de organización, fixemos intercambio de experiencias e tamén suxestións para seguintes edicións.</p> <p>En xeral foi unha avaliación moi positiva, con poucas suxestións de cambios -aínda que si algunha- posto que todo parece ter funcionado moi ben.</p> <p>Esta avaliación participativas completouse coa análise das cualificacións do alumnado participante ao longo do curso nas</p>

			<p>materias de Educación para a Cidadanía/Ética, Lingua e Literatura española e Lingua e literatura galega. En cidadanía e ética a participación neste proxecto foi parte importante na cualificación, en especial da 2ª avaliación e colaborou para que as cualificacións fosen bastantes altas (máis do habitual).</p> <p>Así mesmo, tamén se completa coa análise da participación nas actividades da Biblioteca e do Club de lectura que teñan relación co proxecto. No Contrato Programa na modalidade de Excelencia, que este curso leva como título "Océano LUGRÍS", centrámonos na realización de podcasts explicativos de cada un dos sete módulos que conforman a exposición sobre LUGRÍS realizada o curso pasado. Como hai bastantes rapaces deste proxecto que participan no Contrato programa (especialmente en 2º ESO) o aprendido de técnicas de oralidade nos obradoiros do Contrato programa resultou moi útil para os programas de radio. O aprendido no contrato programa reforzou o aprendido neste proxecto e viceversa.</p>
--	--	--	--

- Neste cadro resumo, podemos comprobar que practicamente todos os obxectivos van na mesma liña e que a filosofía do proxecto era compartida por todos os públicos participantes. Mais os matices e as diferenzas entre os obxectivos dos centros e o seu xeito de avaliar resulta ben interesante. Podería ser moi enriquecedor aproveitar un espazo colectivo do proxecto para que as profesoras e profesores compartan as súas planificacións, os seus obxectivos, a complementariedade da intervención coas súas materias e os métodos avaliativos. Isto permitiríanos coñecer un pouco mellor a base invisible do iceberg que son as aulas.
- Nos documentos das memorias do profesorado tamén interpelan ao equipo do proxecto a buscar unha fórmula para darlle continuidade a esta proposta. A decisión de non repetir co mesmo alumnado foi froito dun longo debate que se deu nas edicións anteriores. En xeral, dende o equipo de O Mundo que Queremos non se presentou a dúbida nesta edición e entendemos que a vontade do profesorado de querer repetir é moi positiva. No en tanto, si que podería ser interesante inventar algunha fórmula para seguir tendo contacto con todo o profesorado que participou no proxecto, ben para mantelos informados da marcha das seguintes edicións, ben para volver a coñecer as súas opinións sobre a propia intervención: que pasou cos mozos e mozas? Que fan as profesoras e profesores nas súas aulas? Aplican algo do proposto polo proxecto?

Afondando nas actividades concretas:

- Esta foi a primeira avaliación na que o profesorado non suprimiría ningunha das actividades realizadas. Todo o mundo estivo de acordo en que non hai accións prescindibles, polo que podemos concluír que, grazas aos diferentes cambios que foron introducidos ao longo destes tres anos (a eliminación da formación Platega ou a introdución dun segundo obradoiro de radio e fotografía, por exemplo); conseguimos que todas as pezas encaixasen. O proxecto xa ten unha forma, un fío e unha medida nas súas diferentes propostas que nos fixo comprobar que xa non estamos ante unha suma de actividades (que era a sensación que tiñamos nas primeiras avaliacións) senón que temos unha intervención completa, cunha narración ben fiada que foron capaces de detectar os diferentes públicos participantes.
- Unha das claves para avanzar nesa coherencia foi, segundo as educadoras do proxecto, o incremento de tempo do primeiro obradoiro. Trátase da primeira intervención na aula e é un momento clave, pois nela preséntase o proxecto e comézase a traballar o discurso das desigualdades internacionais, ao tempo que se presentan os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable. Neste obradoiro comezouse a falar da interconexión e a interdependencia mundial:

“O 10 de decembro arrancou a primeira intervención en aula. Tratouse dun obradoiro no que se traballaron as desigualdades como resultado das estratexias xeopolíticas, mais tamén as desigualdades no ámbito cotiá do alumnado”.

Fragmento dunha memoria do profesorado participantes

- Sen dúbida o máis falado e conversado na avaliación co alumnado foron os obradoiros de radio e fotografía. Resulta claro que estes obradoiros son o centro do proxecto para eles e para elas, xa que lles implicou moito traballo e invitounos a pensar. Na conversa co alumnado, na que custou bastante sacar información, saíron ideas moi interesantes. Unha rapaza falou de que o que máis lle gustou foi denunciar cousas a través das fotografías. Nese sentido, si que parece que se conseguiu vincular todo o tema reflexivo das desigualdades internacionais a unha proposta reactiva de acción. Porén, houbo varias queixas á hora de describir como funcionaron os grupos de traballo de radio e de fotografía. Unha rapaza comentou: *“Discutían moito e sempre se estaban a pelexar entre eles por unha ou outra canción. Por iso eu non participei”*. Esta frase tamén nos permite facer unha lectura interesante a nivel xénero, xa que foi precisamente unha moza a que quedou apartada dun grupo por non entrar en discusións. Pensamos que pode ser interesante ofrecerlle algún reforzo pedagóxico ao profesorado para facer un seguimento dos grupos e involucrarnos se precisan axuda para xestionar algún; xa que o que máis nos interesa como equipo sempre foron os como para chegar aos que.
- Seguindo cos obradoiros de radio e de fotografía, o alumnado pensa que deberían estar máis continuados porque moitas veces se esquecían de que estaban no proxecto; no entanto, o profesorado considera que o ideal sería espazalos máis. Neste sentido parece que a contradición podería quedar resolta a través dun bo traballo de recordo dos profesores e profesoras, para que non exista no seu alumnado esa sensación de esquecemento.

- Por outra banda, no que respecta concretamente aos obradoiros de fotografía, o alumnado expresou unha suxestión que pode ser interesante ter en conta á hora de deseñar a dinámica do espazo da seguinte edición:

A ver, el (o monitor de fotografía) explicou todo, e despois marchou e foi cando tivemos que sacar as fotos. E sería mellor que tivese estado con nós cando sacamos as fotos. Porque estabas un pouco perdido.

Conversa entre rapaces e rapazas no momento de avaliación colectiva

- Un ano máis, a proposta de teatro-foro foi valorada dun xeito moi positivo tanto polo profesorado coma polo alumnado. Á hora de pensar nun imprescindible do proxecto, o profesorado tívoo claro: “O teatro”, dixeron con unanimidade; que foi a mesma resposta que deu o alumnado á pregunta: *que foi o que máis vos gustou do proxecto?* Está claro que o teatro foro ofrece unha ferramenta que non deixa indiferente, que chega e que transforma (como vimos un pouco máis arriba).
- Seguindo coa valoración das intervencións realizadas dentro das aulas, pode que o punto a mellorar desta edición sexa a Visita do Sur. Sempre hai moito traballo invisible asociado á xestión dunha visita deste tipo, e tamén moitas relacións e negociacións que se escapan ao coñecemento colectivo. Nesta edición, a Visita do Sur viviu unha serie de imprevistos que transformaron relativamente a idea inicial desta actividade. A nivel xeral, e tendo en conta a experiencia doutros anos, esta actividade está pensada coma unha visita plural na que se conseguen traer varias voces diferentes (do mesmo ou de distintos países). Tamén se coida a equidade no referente ás persoas participantes, buscando a representación de mulleres que poidan ser vistas como referentes para o alumnado, ao tempo que se lles ofrece a elas mesmas a oportunidade de crecemento persoal que implica unha viaxe destas características (oportunidades que adoitan estar máis dirixidas aos homes, por seren eles os que ostentan os postos directivos). Neste sentido, a proposta deste ano ía a ser similar, contando con tres persoas, dous homes e unha muller de perfís complementarios. Porén, por causas alleas á xestión do equipo en Galicia, ao final só puido viaxar ata Santiago de Compostela Gerardo Vega, Director da organización Forjando Futuros.
- Isto fixo que os resultados da visita fosen menos satisfactorios que os doutros anos. En primeiro lugar porque o perfil de Gerardo, se ben é moi interesante para un público adulto, resultou pouco adecuado para o alumnado: *“Foi un pouco soso. E non é que utilizase ideas complexas, é que repetía todo o rato unha mesma idea”*, comentaron os mozos e mozas durante a avaliación. En segundo lugar porque tampouco houbo tempo para preparar a súa intervención co equipo do proxecto, algo que debería ser un imprescindible de cara a seguintes edicións.
- Porén, a importancia dunha visita deste tipo é recoñecida por todos os públicos participantes no proxecto. Para Gerardo, resulta moi importante que un proxecto de Educación para o Desenvolvemento como é OMQQ, aposte por invitar a persoas doutras realidades: *“Yo creo que contar la realidad de primera mano tiene un significado, que la gente pueda preguntar de manera directa, qué es lo que hacemos, para qué sirve en el caso de la cooperación los recursos que provienen de los impuestos que pagan los ciudadanos y ciudadanas. También valoro la posibilidad de tener la oportunidad de explicar qué hemos hecho con los proyectos que se han presentado de la cooperación, con los apoyos que hemos recibido, cómo hemos gestionado ese recurso, cómo lo hemos invertido y de que vale la pena. Poder plantearlo aquí hace que podamos defender que vale la pena. Además, la oportunidad de compartir con una persona de*

otro país les da la posibilidad a los chicos y a las chicas de mirar un poco más allá de manera directa. Hubo muchos niños interesados, preguntaban mucho y me pareció muy importante que puedan tener acceso a un mundo que está más allá de su localidad”

A mensaxe de Gerardo para os rapaces e rapazas de O Mundo que Queremos *“Aquí tienen una oportunidad inmensa. Todavía el Estado financia la educación, tienen esa garantía de que pueden estudiar y acabar. Tienen la posibilidad de educarse técnica y profesionalmente. Pero en el futuro habrá responsabilidades que tendrán que asumir, ya sea en su empleo, o en sus responsabilidades políticas y ciudadanas. Y es ahí donde tienen que saber que hay que mirar más allá. Más allá de los propios medios de comunicación y del propio centro escolar. Hay que mirar más allá para tratar de ser más integrales en la vida”.*


Un invisible inesperado No IES Fernando Wirtz, ademais de todo o traballo realizado en relación co proxecto, na materia de Lingua Galega procurouse unha aproximación á desigualdade desde a literatura. Segundo a Memoria presentada polo centro educativo, incidíuse especialmente nesta lectura sobre Cantares Gallegos (Cantares 15, 17 e 28), Follas Novas (“Vamos bebendo”, “Miña casiña, meu lar”, “Terra a Nosa”), Aires da Miña Terra (O maio). A literatura galega do Rexurdimento permite traballar as causas e consecuencias da emigración: miseria, inxustizas, a discriminación desigualdade social, necesidade de educación para todos e todas, a desigualdade da muller ou a marxinação lingüística e cultural.

O que vemos e non vemos...

nas ágoras

O asambleario nome do centro cívico de A Coruña que acolleu este ano o acto final de O Mundo que Queremos, permítenos introducir a nosa reflexión sobre os espazos de encontro dos diversos públicos. Houbo dous momentos clave de encontro presencial e ambos foron en Coruña: a dinámica inicial de diagnóstico e formación e o acto de peche do proxecto. Porén, neste proxecto incorpórase tamén o espazo virtual como outro territorio máis de coñecemento e relación entre públicos.

Que é o que vemos e non vemos nos nosos diversos Ágoras?



- O Mundo que Queremos é un proxecto de ED deseñado e programado a través da ferramenta do Enfoque de Marco Lóxico. Isto significa que conta cun obxectivo específico definido e cunha serie de resultados e actividades planificadas que responden a unha lóxica vertical ascendente: se executamos as actividades, acadamos os resultados; e se acadamos eses resultados, conseguimos o noso obxectivo. Polo tanto, estamos ante un proxecto que defende unha teoría de intervención específica: propón un camiño concreto para chegar a esa meta.
- Dentro dese camiño, unha das reflexións máis interesantes consiste na idea de que non podemos acadar o noso obxectivo de fomentar un alumnado consciente das causas das desigualdades internacionais e corresponsable ante ese coñecemento, se non incorporamos espazos de encontro e intercambio. Por iso este proxecto contempla un momento inicial e un momento final de coñecemento mutuo, trazando así un círculo que rodea ás intervencións na aula.
- O primeiro encontro funcionou como un espazo de presentación e de coñecemento de todos os actores implicados, contando cunha pequena representación do alumnado. O obxectivo do encontro foi múltiple: presentación do proxecto, formación sobre ED e diagnóstico colectivo sobre os propios centros educativos. Nese sentido, semellan moitos obxectivos para un único encontro limitado a catro horas.
- En xeral, este primeiro encontro foi moi ben valorado tanto polo equipo de entidades que organizan o proxecto como polo propio profesorado. Porén, houbo profesoras que indicaron que chegaron á reunión sen ter moi claro o obxectivo da mesma e tamén puxeron sobre a mesa desprazarse ao encontro un venres pola tarde implicou un esforzo para algúns dos centros. Nese sentido, comentaron a posibilidade de organizar dous obradoiros: un na zona norte e outro na zona sur. Porén, a división de encontros non permitiría o coñecemento de todos os actores implicados.
- *“Nós pasámolo moi ben no encontro inicial”* - comenta unha das profesoras - *“e os rapaces e rapazas que viñeron tamén o pasaron xenial. O que pasa é que eran cinco, e despois non soubemos facer que lles transmitisen ao resto o que fixemos. Entón, bueno, postos a dicir que suprimes, pois o mellor isto porque só participaron 5 rapaces e non lle sacamos aí demasiado proveito”*. É certo que este momento inicial é a única actividade do proxecto que non se estende a todo o alumnado por unha cuestión loxística clara. Porén si que parece pertinente retomar unha das ideas iniciais deste encontro que consistía en elixir a unha serie de alumnos e alumnas que fosen as referentes de OMQQ nas súas aulas. Dende logo ese camiño de procura dunha maior participación do alumnado semella a vía correcta de evolución do proxecto, xa que debemos continuar buscando o traballo participativo e empoderador.
- Segundo as educadoras, o encontro inicial deste ano facilitou moito o traballo de presentación do proxecto nas aulas. Houbo incluso un cambio na implicación do profesorado coa intervención. Nese sentido, semella que procurar o intercambio entre os públicos é a meta cara onde deben camiñar este tipo de encontros, pois enriquece e permite que os diversos axentes se sintan parte dunha mesma iniciativa.
- Nese sentido, e trasladándonos xa ao final do encontro, este ano o equipo introduciu numerosos cambios na concepción do mesmo. Nas dúas edicións anteriores, o acto final realizouse na sala de concertos Capitol de Santiago de Compostela. A idea do evento consistía en presentar os traballos do alumnado e finalizar co broche dun concerto en directo do grupo de rap multicultural Pachamama Crew. Este ano, o grupo de OMQQ fixo un forte esforzo por darlle unha volta ao acto buscando esa interacción entre o alumnado que un formato concerto non permitía darlle. Así, cambiou o espazo.

O acto final tivo lugar no Ágora, un centro social de A Coruña cunhas condicións e recursos que facilitaron o traballo por grupos entre os mozos e as mozas. Porque a idea do evento transformouse moito. As mozas e mozos chegaron e foron divididos en 16 grupos mesturados, de xeito que os rapaces e rapazas non se coñecían entre si. Cada grupo contaba cunha ou dúas monitoras que dinamizaba unha hora de xogo e traballo conxunto. O obxectivo desa hora era dobre: por un lado alcanzar esa interacción entre o alumnado e, polo outro, conseguir que cada grupo completase esta frase cunha única palabra consensuada: O Mundo que Queremos é...


- Con esas 16 palabras o equipo do proxecto elaborou unha frase para que un grafitreiro a plasmase nun muro no exterior do Ágora. Paralelamente, todo o alumnado se reunía no salón de actos do Ágora para poder coñecer os traballos dos compañeiros e compañeiras e para gozar dunhas actuacións moi especiais protagonizadas polo propio alumnado. Este foi un dos impactos máis interesantes da edición deste ano. Un dos grupos que actuou estaba formado por alumnado dun colexio de Muros que non participou neste proxecto. Como xurdiu ese contacto? Pois a través dunha das profesoras, porque dende a coordinación do equipo lanzouse a pregunta aos centros educativo de se contaban con algún grupo de música formado polos mozos e mozas. A pregunta espallouse e conseguiu chegar a máis lugares, algo que fixo moito máis especial o acto final.
- Ollando máis de preto aos cambios introducidos, no que respecta á participación do alumnado nos grupos definidos ao principio, a sensación dos monitores e monitoras (15 mulleres e 3 homes), é de que os mozos e mozas foron moi pouco participativos en xeral. As circunstancias da dinámica tamén fixeron moi difícil que rapaces e rapazas se soltasen: non se coñecían entre eles e elas e houbo só unha hora para que puidesen interactuar. É por iso que, nas fichas de observación de xénero, os monitores e monitoras apenas notaron diferencias de participación entre os sexos: dúas monitoras comentaron que houbo maior participación de homes que de mulleres, cinco que a participación foi equitativa e nun grupo foi maior a participación das mozas.
- En xeral, o equipo está satisfeito cos cambios introducidos no acto final. Conseguiuse avanzar nese intercambio e nese espazo de construción conxunta que demandaron os profesores e profesoras das edicións anteriores. Por outra banda, o acto gustou moito a profesorado e alumnado (nunha das memorias dise de forma explícita que foi a actividade favorita dos mozos e mozas). Parece que esta é a liña pola que debe avanzar o momento de peche do proxecto. Porén, o equipo considera que hai que seguir pensando este acto para conseguir afondar nese intercambio e tamén reorientándoo cara un evento máis reivindicativo (o que permitiría pechar o círculo da corresponsabilidade a través das ferramentas de denuncia).
- Finalmente, o proxecto tamén aposta por xerar un espazo de interconexión máis continuado ao longo da intervención a través do emprego das novas tecnoloxías. O Plan de Comunicación intenta promover esa visibilidade de todas as accións e protagonistas, non só entre públicos externos (a través dos impactos en prensa, radio e televisión) senón tamén entre os públicos internos (a través do Facebook). Nese sentido, se ben no que se refire ao primeiro punto o Plan de Comunicación cumpriu os obxectivos, na segunda parte non consegue xerar a estratexia axeitada para facelo. Por exemplo, quedou patente ao longo destes anos que o Facebook non é a ferramenta de comunicación máis empregada pola adolescencia galega. Por outra banda, este plan de comunicación interno podería barallar tamén a opción de contemplar como públicos ás persoas participantes en edicións anteriores, de xeito que o proxecto poida seguir estando presente neses espazos xa percorridos.

O que vemos e non vemos...

no equipo

O equipo de O Mundo que Queremos é variado e heteroxéneo, o que lle aporta unha riqueza engadida ao proxecto que todo o mundo reconece. Somos máis de 11 persoas, cada unha cun rol, experiencia e xeito de facer, aprender e expresar ben diferente. Isto permite que nesta proposta non só se xere un proceso de aprendizaxe no exterior do grupo (nas aulas e nos ágoras), senón que ese camiño de creación de coñecemento existe tamén dentro do propio equipo. Ese espazo común compartido polo grupo detectouse con moita claridade na primeira edición da intervención, onde houbo unha aposta clara de cada persoa (e das súas institucións) por que O Mundo que Queremos saíse adiante. Nas dúas edicións seguintes (cando o proxecto xa tivo o recoñecemento da Xunta a través da fórmula de convenio), o espazo grupal relaxou esa intensidade. Os roles estaban asignados de xeito máis ou menos automático e o equipo adquiriu unhas rutinas de traballo baseadas na experiencia de edicións anteriores. Neste terceiro ano de impulso da intervención detectáronse certas necesidades dentro dese espazo grupal como pode ser a visibilización e incluso negociación do traballo que cada institución realiza ou o establecemento dun reparto de responsabilidades no plano formal do proxecto.

A casa da coordinadora de OMQQ foi o espazo no que o grupo se encontrou para afondar nestas cuestións de maneira conxunta. O xardín, as vistas e os ceos despexados axudáronnos a chegar a unha serie de interesantes conclusións e propostas. Neste apartado intentaremos dar conta da maior parte delas.



Mediación entre as persoas do equipo e tamén externas

Presentación dos roles: quen fai que?

Antes de comezar coa análise do equipo, parece necesario facer unha pequena descrición do rol que xoga cada persoa dentro do grupo. Estes roles negociáronse sempre no plano da conversa e xurdiron de xeito natural no primeiro ano da intervención, xa que cada posto está moi ben definido polo “expertise” específico de cada persoa e institución. Estamos ante un proxecto onde as persoas xogaron e seguen a xogar un papel prioritario; porén, nesta terceira edición (e así pasará na cuarta) as institucións comezan a situarse no plano protagonista xa que o equipo comezou a vivir as primeiras rotacións de persoal. É por iso que nesta presentación dos diferentes roles que existen no grupo non falaremos de persoas, senón das institucións e dos cargos que existen dentro delas.

- **A coordinación institucional** Recae sobre a dirección de Solidariedade Internacional de Galicia. Encárgase de facer a ponte entre as dúas consellerías da Xunta que integran o proxecto e o equipo. Tamén se encarga da coordinación de todas as persoas integrantes do equipo, dando apoio nos momentos clave ás diferentes responsables (á coordinadora pedagóxica nos momentos de máis traballo, por exemplo). Convoca as diferentes xuntanzas, coordina o acto final do proxecto e tamén o acompañamento do equipo ás Visitas do Sur. Leva a cabo, xunto coa coordinadora pedagóxica, a formulación e xustificación do proxecto. Xestiona os conflitos que podan xurdir dentro do equipo e tamén no plano institucional (se existe algunha dificultade coa propia Xunta de Galicia).
- **A coordinadora pedagóxica** Recae sobre a técnica de ED de Solidariedade Internacional. Ela encárgase da relación e acompañamento de todo o profesorado implicado no proxecto, o seguimento das necesidades do propio Plan Proxecta (presentación do documento para a convocatoria, seguimento de candidaturas presentadas, coordinación da selección dos centros). Elabora o calendario do proxecto e ten a interlocución permanente co profesorado. Tamén coordina ás educadoras de OMQQ apoiándoas a nivel metodolóxico, e dinamiza as reunións de equipo, envía os correos electrónicos e levanta acta das diferentes reunións. Encárgase da resolución de conflitos que podan existir en relación co profesorado e é a responsable do deseño e seguimento de protocolos internos.
- **As educadoras** Son as técnicas de ED de Educo e Mundo Cooperante. O seu papel é clave pois son elas mesmas o fío condutor do proxecto nas aulas. A súa presenza no centro educativo fai que teñan unha relación moi próxima cos profesores, profesoras, alumnos e alumnas. Tamén se encargan da dinamización do primeiro obradoiro e acompañan aos diferentes talleristas e visitas nas aulas. Detectan o ambiente das diferentes clases, posibles problemas co alumnado ou coa motivación do profesorado.
- **Tallerista de radio** Persoal de Agareso cunha formación xornalística de base. Encárgase de dinamizar os dous talleres de radio, de editar os traballos radiofónicos do alumnado de cara ao acto final, de dar apoio ao profesorado e asesoramento. Tamén é a responsable do Plan de Comunicación de OMQQ e da dinamización das redes sociais.
- **Tallerista de fotografía** Persoal de Agareso cunha formación técnica de base. Encárganse de dinamizar os dous obradoiros de fotografía, apoiar ao profesorado e ao alumnado na elaboración dos traballos finais, edición das imaxes. Tamén ten un papel

clave no acto final xa que realiza a montaxe de vídeo que combina os traballos fotográficos e radiofónicos.

- **Teatro** O Grupo de Teatro 100Tolas encárgase de representar a peza teatral *A viaxe de Ana*, tamén dinamiza a reflexión que se xera co alumnado arredor da propia obra e da resposta dos mozos e mozas. O grupo fai tamén un traballo de análise interno e avaliación da ferramenta (o propio teatro) despois das súas intervencións. Ao longo das tres edicións, GTO 100Tolas encargouse da dinamización do acto final do proxecto.
- **Avaliación continua** As integrantes da cooperativa sen ánimo de lucro Tempo de Loira son as encargadas de deseñar e executar os procesos de diagnóstico e avaliación do proxecto. Tamén apoian ao equipo nos momentos de conflito ou tensión ofrecendo espazos de conversa individuais e colectiva para o mellor funcionamento da intervención e para a consolidación do equipo de traballo.
- **Visita do Sur** Asemblea de Cooperación pola Paz a través da súa técnica de ED é a encargada de facer a proposta de socias locais que poderían encaixar dentro da actividade da visita, tamén de seleccionar os perfís das persoas que viaxan, facer toda a xestión da viaxe e acompañar á visita.
- **Coordinación comunicación** Recae sobre a cordinadora de Agareso. É un rol que apareceu na primeira edición para coordinar o traballo entre as dúas persoas de Agareso, desapareceu na segunda edición e reapareceu na terceira coa mesma función, xa que se viu que era unha necesidade. Non só se encarga de coordinar o traballo das persoas de Agareso vinculadas ao proxecto, senón que tamén fai de ponte entre elas e a coordinación de OMQQ.

Tal e como indicabamos ao principio deste apartado, os roles foron xurdindo de maneira natural, cunha diferenciación de traballo baseada no “saber facer” de cada persoa e entidade. A medida que a vida do proxecto foi avanzando, engadíronse máis tarefas a determinados roles que se foron asumindo para a boa execución e posta en marcha do proxecto.

Porén, pensamos que é imprescindible ter en conta e poñer enriba da mesa que existen diferenzas formais entre as persoas do equipo no que se refire á súa relación co proxecto. Existen persoas cun salario asumido polo proxecto, persoas cunha situación de contratación estable coa súa institución e cun mandato de traballo continuado no proxecto, persoas contratadas nunha institución cun perfil de implicación máis baixo, persoas autónomas que compaxinan o traballo no proxecto con outros e tamén persoas voluntarias e activistas. Esta variedade fai que sexa preciso facer unha compensación dos traballos visibles e, sobre todo dos invisibles, repartíndoos ben en función das implicacións institucionais, para que non existan excesivas sobrecargas de traballo sobre certos perfís.

O breve perfil de cada posto que acabamos de esbozar está baseado nas diferentes conversas que tivemos con cada integrante do equipo ao longo do proceso de avaliación e tamén da propia observación da execución de todas as actividades. Porén, nesta síntese de cada posto non están presentes todos os traballos invisibles que as persoas do equipo realizan. Analizando ese facer “oculto” pero tan necesario para a boa marcha do proxecto (ao igual que os coidados son precisos para que exista a propia vida), pensamos que os podemos encaixar nos diferentes espazos de convivencia que existen dentro do que entendemos como grupo.

Grupo: Un grupo non é unha simple colección de individuos, senón que vai alén disto, é unha unidade que se manifesta como totalidade, caracterízase pola interdependencia dos seus membros e é considerado un medio para a consecución de obxectivos (Kurt Lewin, 1890 - 1945).

Segundo o Modelo de Efectividade Grupal a teoría dos traballos grupais existen catro espazos sagrados dentro de todo grupo de traballo que poden estar máis ou menos definidos e estruturados. Deste xeito, en todo grupo existe un **espazo para a toma de decisións**, un lugar para a **creatividade**, un **espazo de xestión emocional** e un **espazo de celebración**. Esta concepción do grupo como un fogar con varias habitacións axudaranos a facer unha valoración do espazo grupal de O Mundo que Queremos e da importancia dos traballos ocultos na boa marcha do proxecto. Tamén nos permitirá detectar diferentes tarefas imprescindibles que non están recollidas en ningures, e que igual cómpre comezar a poñer sobre o papel, para visibilizalas e dignificalas.

A Asemblea, espazo para a toma de decisións

Os momentos de toma de decisións importantes deste proxecto son comúns, horizontais e están bastante ben definidos.

- Selección dos centros: é un momento moi importante onde hai que aplicar diferentes criterios baseados na eficiencia, pero tamén na xustiza, que son debatidos por todo o grupo. Inténtase chegar ao consenso máis unánime e a unha proposta satisfactoria para todo o equipo.
- Aprobación da Visita do Sur e acordos sobre o acto final: esta reunión ten lugar na metade da execución da proposta e é outro momento de encontro importante para valorar a execución do proxecto e tomar decisións de cara ao encontro final.
- Reunión de avaliación final: Mestúrase a avaliación do ano coa planificación do curso seguinte e a resolución de situacións difíciles que puideran ter acontecido ao longo da execución do proxecto.
- Correos electrónicos: Son outro espazo de toma de decisións ou de comunicación das decisións de tipo operativo levadas a cabo por diferentes conxuntos de persoas (por exemplo, as decisións tomadas entre as organizacións do convenio formal, as decisións tomadas entre as persoas coordinadoras do proxecto ou, incluso, as decisións tomadas entre as educadoras e talleristas).

Como mellorar e ampliar este espazo?

- Pensamos que os espazos existen e que hai unha cultura de toma de decisións compartida e consensuada. Porén, si que atopamos marxes de mellora na comunicación coas persoas que non participaron de maneira presencial nunha reunión.

É importante facer actas das discusións, especialmente daquelas ás que se chega a un acordo maioritario que implica cambios na vida do proxecto.

- Este ano empregouse o espazo de avaliación final para tomar certas decisións estratéxicas de cara a vindeira edición. Resulta moi interesante poder ter ese espazo de reflexión sobre o xa feito e construción da vindeira proposta, polo que se podería establecer como pauta de cara as vindeiras edicións. Porén, falta un espazo anterior de choiva de ideas, de verter tolerías que poidan ser realizables. Un espazo previo ao momento de formulación que nos permita incorporar esa creatividade dun xeito efectivo dentro do propio proxecto.

O Obradoiro, espazo para a indagación colectiva, creativa e artística

Trátase dun espazo máis complexo de establecer xa que, resulta claro que nun proxecto de tanta actividade expresiva e dinámica, a creatividade é un elemento substancial; porén, semella que o grupo adoce de espazos para crear dunha maneira colectiva e común. Non en tanto, podemos establecer os seguintes momentos creativos de carácter colectivo:

- A ideación do acto final é un momento de chuvia de ideas común que se repite cada ano. O equipo réunese para facer fronte a unha das actividades que máis mudou (e que continuará a mudar) ao longo das edicións.
- O momento de preparación do encontro inicial, que supuxo unha novidade nesta edición, tamén foi un momento de reflexión colectiva no que participou a maior parte do equipo e que axudou a contestar preguntas esenciais sobre o proxecto de maneira coral.
- Nun proxecto integrado dentro da política pública da cooperación internacional, a maneira de organizar as actividades e os obxectivos perseguidos é a través da ferramenta do Enfoque de Marco Lóxico. Este proxecto foi construído na primeira edición onde se deseñou o esqueleto no que se sustenta a proposta e que non mudou substancialmente ata a actualidade. Ao remate desta edición houbo un espazo para facer unha revisión da matriz de Marco Lóxico con todo o equipo que resultou moi interesante para mudar e actualizar certas cousas.

Como crear máis espazos para crear?

- Os espazos de creatividade colectiva xogan un papel clave para fortalecer a sensación individual de contribución ao proxecto. Na avaliación final viuse a necesidade de facer un itinerario de formación interna para as vindeiras edicións. Resulta interesante pensar ese momento como un encontro de creación e debate sobre o propio proxecto.

O Foro, espazo para a xestión de emocións

Dentro da explicación deste tipo de espazo, as crises que viven todos os grupos concíbense como oportunidades. Trátase dun espazo de grande complexidade de xestión, que normalmente non está ben establecido nos grupos pero que, neste proxecto en concreto, si que podemos atopar algún reparto de responsabilidades en relación a este espazo.

- A xestión dos conflitos recae sobre as dúas coordinadoras do proxecto que se apoian nas persoas que integran a cooperativa Tempo de Loira, encargadas da avaliación continua do proxecto. Así mesmo, a metodoloxía para a avaliación do equipo (a través de entrevistas individuais e unha reunión grupal) empréganse tamén para detectar posibles
- Nesta edición deuse por primeira vez unha queixa a nivel externo en relación a unha das persoas que traballan de maneira continuada neste proxecto. No momento en que a queixa foi comunicada, constatouse que faltan protocolos para resolución de problemas e tamén existe certo descoñecemento no proceso de comunicación de incidencias. En relación coa persoa externa ao equipo que emitiu a queixa, foron as coordinadoras do proxecto as encargadas da xestión concreta da situación. Por outra banda, a estratexia que se seguiu para traballar esa problemática dentro do grupo (co acordo da persoa implicada) foi empregar o proceso de avaliación para dar a coñecer a situación de conflito a cada integrante do equipo e traballalo de maneira colectiva no momento de avaliación final. Ademais, elaborouse unha ficha de erros co obxectivo de reflexionar sobre a didáctica da equivocación.
- O propio posto da coordinadora de AGARESO tamén se pode entender coma un rol directamente vinculado á xestión de conflitos entre diferentes persoas. Trátase dun posto que fai a relación entre as dúas persoas talleristas de AGARESO e tamén entre esas mesmas persoas e a coordinación do proxecto. Trátase dun posto que pretende fortalecer e favorecer o diálogo, así como xestionar posibles incidencias operativas.
- A nivel de xestión dos coidados, existe unha dinámica moi interesante de coidado dentro do equipo. O xeito de dinamizar as reunións, a busca de espazos de tranquilidade para os encontros máis estratéxicos e o feito de intentar pechar a última reunión do ano con algún tipo de agasallo entre todo o equipo son algunhas das estratexias que nos permiten falar dunha sistematización de xestos de cariño nas diferentes actividades.

Fai falla algo máis?

- O espazo xerado para abordar a problemática resultou moi interesante. Tamén axudou a presentar outras problemáticas existentes en relación co proxecto e para abordar a súa posible solución. Nese sentido, parece interesante recuperar un espazo similar como parte da rutina do proxecto, pode ser no marco da avaliación final ou nun encontro a maiores (combinándoo con outras accións posibles).

O Círculo, espazo de conexión e celebración da unidade e de recoñecemento dos éxitos colectivos

- O espazo de celebración por excelencia deste proxecto dáse ao remate do acto final, momento no que o equipo se xunta para comer e festexar o final da edición e tamén se celebran e recoñecen os acertos ao longo de toda a intervención.
- Existen outros momentos ao remate de certas actividades, durante a Visita do Sur ou ao final das distintas reunións do ano onde diferentes persoas do equipo se xuntan en espazos non destinados ao traballo para compartir e desfrutar.

Fai falla máis festa?

- En xeral, os grupos de traballo adoecen deste tipo de espazos. Para tratarse dun proxecto que non é dunha única entidade, senón de múltiples, parece que o feito de que exista un momento claro de celebración anual é suficiente. Pero podería ser interesante calendarizar outro momento destas características á metade do proxecto (antes das vacacións de Nadal, por exemplo).

A VIAXE NA QUE SE MESTURARON OS ESPAZOS

Nesta edición deste proxecto, o equipo tivo a oportunidade de realizar unha viaxe de intercambio a Cuba ao principio do curso para coñecer o proxecto “A+ espacio adolescente” impulsado pola Oficina do Historiador de La Habana Vieja. Esa viaxe supuxo para o equipo a posibilidade de experimentar os diferentes espazos anteriormente descritos: houbo momentos de toma de decisión, houbo varios momentos creativos importantes que fixeron patente a necesidade de seguir sacando tempo para a creación, tamén houbo momento de xestión de crises e, por suposto, de celebración. Porén, non todo o equipo estivo presente nesa viaxe e si que é certo que moitas das aprendizaxes non foron canalizadas de xeito que se puidesen compartir co resto de persoas do grupo, se ben algunhas das ideas que xurdiron da viaxe aplicáronse nesta edición.

A visita dos compañeiros e compañeiras cubanas no mes de maio intentouse acomodar ao ritmo do proxecto, buscando ademais que a xente do proxecto “A+ espacio adolescente” puidese coñecer outras experiencias de traballo con adolescente en Galicia. Debido ao forte ritmo de traballo do proxecto e das entidades no mes de maio, só puido acompañar ás visitas nese periplo de experiencias a coordinadora do proxecto. Porén, tratouse dunha experiencia ben interesante que fixo que na avaliación saíse a posibilidade de abrir este Proxecto a outros colectivos e persoas que traballan co mesmo público que nós, para xerara sinerxías ou partillar metodoloxías.

Concluindo

- Esta edición é a primeira na que o profesorado non prescindiría ou eliminaría algunha das actividades. Nese sentido semella que as aprendizaxes extraídas dos procesos avaliativos anteriores estannos a axudar a construír unha proposta ben dimensionada e coherente para todos os públicos implicados. Enumeramos a continuación as que, segundo o equipo, son as principais claves do éxito do proxecto, unhas características que debemos seguir coidando de cara ás vindeiras edicións:
 - O equipo e as persoas que formamos parte do proxecto: porque existe un compromiso e un cariño por esta intervención que é importante saber mimar pero, sobre todo, saber transmitir. Porque as persoas mudamos, pero as entidades e a propia proposta permanecen. E iso é precisamente o máis enriquecedor, xa que cada entidade ten o seu propio punto forte, o que permite que todas e cada unha aporten ao conxunto do proxecto.
 - Que sexa un proceso que estea presente ao longo de todo o curso escolar.
 - As actividades motivadoras que achegan ás aulas propostas diferentes ás habituais sacando ao alumnado e profesorado da rutina do curso escolar.
 - O respecto que se lle ten ao profesorado e ao seu labor docente. Ese respecto fai que unha das claves fundamentais da intervención sexa todo o proceso de acompañamento, que xera moito traballo non visibilizado, pero que é unha das claves de éxito da intervención.
 - A aposta xeral por facer unha intervención de calidade, dende o sentido máis amplo da palabra: xente profesional, comprometida, que aborda o proxecto con cariño e respecto polos adolescentes.
- En relación cos tempos do proxecto, existe unha sensación xeral de que se trata dunha intervención con moita intensidade nuns meses concretos pero que, se se quere traballar coma unha proceso continuado, sería interesante intentar comezalo antes. É certo que os tempos veñen marcados pola propia Consellería de Educación, pero pode ser interesante ter en conta esa sensación do profesorado á hora de fixar o cronograma das actividades. Iso si, establecendo os mecanismos axeitados para que os profesores e profesoras poidan facer un acompañamento continuado e o alumnado non teña esa sensación de esquecemento do proxecto.
- Sempre houbo unha reflexión latente no equipo sobre a variedade de metodoloxías que se presentan na aula: deberíamos afondar só unha, debemos propoñer máis diversidade de ferramentas? Este ano, o profesorado aportounos unha clave ben interesante: **o alumnado non é homoxéneo**. É algo sabido, dende logo, pero é probable que non teñamos tan asimilada a heteroxeneidade vinculada á adolescencia, grupo de idade moi mal definido en xeral ao que se lle adoita ofrecer unha resposta única cando, cada un e cada unha delas, están nun momento clave nas súas vidas de experimentar e recoñecer as súas diferencias. Esa heteroxeneidade fai que sexa moi positivo un proxecto tan variado en técnicas e ferramentas, pois todas están dirixidas cara o mesmo obxectivo pero cada unha pode chegar con máis ou menos forza aos diferentes alumnos e alumnas.
- Foi moi interesante comprobar nas memorias do profesorado o xeito no que algúns dos centros educativos incorporaron as temáticas do proxecto noutras materias e cos seus

propios recursos. Podería ser moi enriquecedor buscar un espazo no momento da avaliación final para que cada centro expoña como o fixo. E, sen dúbida, este podería ser un estupendo indicador para valorar o nivel de apropiación do profesorado das temáticas ou metodoloxías propias da ED.

- Entre os documentos que se botan en falla no proxecto e que sería interesante comezar a elaborar están: un plan de coordinación redactado e que se puidera poñer en coñecemento de todo o equipo, unha serie de protocolos de incidencias, unha descrición de cada posto.
- Cuba valórase como unha experiencia enriquecedora e moi positiva que conectou ao grupo de traballo, de feito dita actividade fíxose nos primeiros meses de traballo, mais o achegamento da mesma dende o inicio non estaba axeitadamente aterrado no proxecto polo que non se puido extraer aprendizaxes concretas nin facer unha conexión norte-sur entre a mocidade.
- Nesta avaliación intentamos poñer o foco en todo o traballo invisible que facemos. Cantos e-mails mandamos á semana? Cantos minutos ao teléfono? Cantas pequenas reunións das que non damos conta porque son moi operativas? É moi difícil contabilizar iso pero é importante ser conscientes desa carga de traballo. E tamén da carga de traballo que asumen os demais públicos: cal é a carga de traballo invisible de alumnado e profesorado neste proxecto?

Propoñendo e felicitando

- Xa que as Visitas do Sur son moi valoradas e posto que xa “viaxamos” por varios países, por que non facer unha memoria ou incluso unha dinámica coa que traballar no primeiro obradoiro? Algo que vaia poñendo en valor o que se fixo e que se pode enlazar coa seguinte edición.
- Despois de tres anos de traballo conxunto, o equipo comezou a introducir cambios a nivel formal e organizativo nalgúns dos aspectos que causaban máis dificultades dentro do proxecto: a xestión económica. Así, ao longo deste ano, ao interno do grupo, valorouse o funcionamento do consorcio, ata o momento a entidade lideresa - Solidariedade Internacional - era quen asumía plenamente a execución técnica e económica de todo o proxecto. Logo dunha análise e recollendo as necesidades de maior capacidade de autoxestión de todas as entidades a proposta é que continúe Solidariedade Internacional sendo a entidade líder do consorcio a cal leva a xestión do proxecto, a relación cos centros educativos, a relación co equipo avaliador e a xestión do acto final. Educo xestionará a parte educativa e o Agareso a comunicativa. Parabéns por este exercicio de revisión do proceso, identificación de riscos e proposta de melloras que se levará a cabo no vindeiro ano.
- Gustaríanos tamén destacar o *exitazo* do proxecto no cole de Vilalba, no vindeiro ano van a facer unha replica para o centro educativo e unha das profesoras vai a utilizar a radio como ferramenta na súa materia. Neste sentido, tamén nos parece interesante intentar visibilizar os impactos que tivemos, por que non facer unha rolda de chamadas aos centros educativos que participaron neste proxecto ao longo de todas as edicións?

